


Contabilidade trimestral. Terceiro trimestre de 2006 COMUNICADO

O PIB da economía galega creceu un 3,9% no terceiro trimestre de 2006.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no terceiro trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,1%.

O Produto interior bruto xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2006 rexistrou un crecemento do 3,9% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é igual ao rexistrado no trimestre anterior.



A demanda en termos nacionais contribúe con 4,5 puntos ao crecemento do PIB, oito décimas máis que no trimestre anterior, a achega da demanda externa neta é de -0,6 puntos porcentuais, 0,8 puntos inferior á do segundo trimestre.

Volumen encadeado referencia 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 3,4% no terceiro trimestre de 2006, un crecemento superior en catro décimas ao rexistrado no segundo trimestre. Os indicadores de rendas salariais seguen unha evolución parella cun crecemento superior ao do trimestre anterior debido sobre todo ao maior crecemento da afiliación asalariada e á redución no crecemento dos prezos de ben de consumo. Outros indicadores como as importacións de bens de consumo en termos reais e o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado tamén presentan maiores crecementos que no trimestre anterior.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 4,3%, seis décimas máis que no trimestre anterior.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2005				2006		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	3,3	3,5	3,0	3,3	3,3	3,1	3,6
-Gasto en consumo final dos fogares	3,2	3,3	2,8	3,1	3,2	3,0	3,4
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,8	4,0	3,5	4,1	3,7	3,7	4,3
Formación bruta de capital	5,5	8,2	4,9	4,4	5,1	3,5	5,0
Demanda en termos nacionais(1)	4,5	5,5	4,0	4,1	4,3	3,7	4,5
Exportacións de bens e servizos	1,9	3,7	4,0	5,1	11,1	7,9	4,6
Importacións de bens e servizos	3,8	4,1	4,6	6,2	7,6	7,0	6,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,3	3,3	3,6	3,8	3,9	3,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

(1) Achega ó crecemento do PIB pm.
2005, 2006 avance

A Formación bruta de capital creceu un 5,0%, 1,5 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior. Esta compoñente que, segundo a serie de ciclo tendencia, presentaba un perfil descendente nos últimos trimestres, mostra neste terceiro trimestre un repunte. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento do investimento, respecto a outros indicadores, as importación de bens de equipo presentan un crecemento superior ao do trimestre anterior e a matriculación de vehículos de carga tamén presenta un crecemento superior ao do trimestre anterior pero con taxas negativas.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta, que foi positiva no segundo trimestre, reduciuse oito décimas no terceiro trimestre situándose en $-0,6$ puntos porcentuais. Isto é consecuencia do crecemento máis acelerado das importacións que das exportacións, as taxas de crecemento de ámbalas dúas son inferiores ás do trimestre precedente.

As exportacións creceron un 4,6% no terceiro trimestre, 3,3 puntos menos que no trimestre anterior. Pola súa parte as importacións creceron un 6,2%, 0,8 puntos menos que no trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, destacan os elevados crecementos do sector da construción cun crecemento do 4,6% e dos servizos cun crecemento do 4,3%.

As ramas agraria e pesqueira descenderon un 2,5% no terceiro trimestre de 2006, crecemento inferior en 1,4 puntos ao rexistrado no trimestre precedente.

As ramas industrias creceron un 2,5%, crecemento inferior en 2,4 puntos ao rexistrado no trimestre precedente. As ramas de produtos enerxéticos desaceléranse 2,6 puntos con respecto ao trimestre anterior ata acadar un crecemento do 3,4% e as de produtos industriais diminúen o seu crecemento 2,3 puntos alcanzando unha taxa interanual do 2,3%. Este crecemento está de acordo co crecemento experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 4,6%, superior en sete décimas ao crecemento rexistrado no segundo trimestre de 2006. Este crecemento susténtase no maior crecemento da licitación oficial e da edificación residencial se se utilizan as series periodificadas, mentres que a edificación non residencial presenta taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2005				2006		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-2,3	2,4	9,4	-1,5	4,6	-1,1	-2,5
Ramas enerxéticas	-1,7	-2,3	-0,7	3,9	4,7	6,0	3,4
Ramas industriais	1,3	0,5	2,9	3,1	5,9	4,6	2,3
Construción	3,9	4,2	4,1	4,3	3,7	4,0	4,6
Ramas dos servizos	3,7	3,7	3,6	4,0	3,4	4,0	4,3
- Servizos de mercado	4,1	3,7	3,8	3,8	3,4	4,0	4,0
- Servizos non de mercado	2,4	3,8	2,9	5,1	3,1	3,6	5,2
Impostos netos sobre os produtos	6,7	6,0	0,1	3,0	3,2	3,9	5,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,3	3,3	3,6	3,8	3,9	3,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

2005, 2006 avance

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 4,3%, tres décimas superior ao crecemento do trimestre precedente. A aceleración prodúcese nos servizos non de mercado, que se aceleran 1,6 puntos pasando do 3,6% do segundo trimestre ao 5,2% no terceiro. Os servizos de mercado igualan a taxa de crecemento do trimestre anterior quedando a súa taxa no 4,0%.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 7,6%, o que implica que o deflactor implícito presenta un crecemento do 3,6%, inferior en sete décimas ao crecemento rexistrado polo deflactor no trimestre anterior.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no terceiro trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,1%, tres décimas máis que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 32.684 postos de traballo a tempo completo nun ano.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas dos servizos e da construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxéticas.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 3,9%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 32.311 postos de traballo asalariados a tempo completo.

De esta maneira, considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego ocupado, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,8%, coincidindo coa cifra acadada no mesmo trimestre a nivel nacional.



Contabilidade trimestral. Base 2000. Terceiro trimestre de 2006 Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

	2005				2006		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO							
COMPLETO TOTAL	2,5	2,1	2,3	2,0	2,7	2,8	3,1
Ramas agraria e pesqueira	1,7	-2,3	-2,4	-7,9	-6,5	-4,4	-3,6
Ramas enerxéticas	-1,2	-0,8	-1,2	-1,3	-3,1	-3,4	-3,3
Ramas industriais	-0,3	-0,5	0,2	0,5	1,4	2,0	2,1
Rama da construción	3,2	3,2	2,9	3,7	4,2	4,0	4,6
Ramas dos servizos	3,3	3,5	3,7	4,1	4,6	4,3	4,4
- Servizos de mercado	3,9	4,0	4,3	4,6	4,6	4,9	5,0
- Servizos non de mercado	2,0	2,3	2,5	3,2	4,4	3,0	3,1
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO							
COMPLETO ASALARIADO	2,2	2,4	3,0	3,5	3,8	3,9	3,9
Ramas agraria e pesqueira	-3,0	-5,3	-5,1	-3,5	-1,2	-0,5	6,9
Ramas enerxéticas	-0,9	-0,7	-1,2	-1,5	-2,7	-3,2	-3,2
Ramas industriais	-0,1	-0,3	0,4	0,9	1,3	2,0	2,0
Rama da construción	3,2	3,7	3,6	4,5	4,2	3,4	4,1
Ramas dos servizos	3,5	3,6	4,0	4,7	5,1	5,0	5,1
- Servizos de mercado	4,4	4,4	5,1	5,6	5,6	6,3	6,4
- Servizos non de mercado	2,0	2,3	2,5	3,2	4,4	3,0	3,1

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral
2005, 2006 avance

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu/>
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>